



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
Web: www.concellodeboimorto.es



REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que a Alcaldesa con data dez de setembro de dous mil catorce, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 360 / 2014

Data decreto: 10/09/2014

Descrición decreto: Nomeamento persoal laboral temporal peón brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

DONA ANA LEDO FERNANDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o decreto 357/2014 de data 10/09/2014 polo que se extingue o contrato de traballo ao peón Braulio Garcia Rodriguez da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais por renuncia voluntaria do mesmo.

Visto o decreto 279/2014 de data 29/07/2014 en cuxo punto segundo se aproba a bolsa de traballo das brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como peón para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais a Miguel Gil Mejjide con DNI 78803080C.

Condicionase a formalización do contrato segundo o sinalado nas bases de selección aprobadas por esta Alcaldía no decreto 230/2014 á previa presentación por este candidato de declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da Administración Pública e non tido separado do servizo público.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado primeiro, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requirida a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 15/09/2014.

Boimorto dez de setembro de dous mil catorce

A Alcaldesa

Perante min:
A secretaria



Asdo.- Ana Ledo Fernandez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 10 de setembro de 2014

Vº Pr.
A Alcaldesa

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

